

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 1

Sesión plenaria
7 de agosto de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único.

Sesión constitutiva do Parlamento de Galicia

Constitución da Mesa de Idade

Elección da Mesa do Parlamento

Constitución da Mesa do Parlamento

Promesa ou xuramento de acatar a Constitución e o Estatuto de autonomía de Galicia



SUMARIO

Constitución da Mesa de Idade

O señor letrado oficial maior comunícalle á Cámara quen son os deputados electos de maior e menor idade para a constitución da Mesa de Idade. A don Xosé Luís Rivas Cruz, como deputado de maior idade, correspóndelle presidir esta Mesa, asistido por don Paulo Ríos Santomé e don Daniel Castro García, os de menor idade, en calidade de secretarios. (Páx. 6.)

O letrado oficial maior rógalles que ocupen os seus postos na Presidencia co fin de constituír a Mesa de Idade. (Páx. 6.)

(Os señores Rivas Cruz, Ríos Santomé e Castro García ocupan os seus postos na Presidencia.)

Ábrese a sesión ás once e nove minutos da mañá.

O señor presidente da Mesa de Idade (Rivas Cruz) declara aberta a sesión e rógalle ao señor secretario (Castro García) que dea lectura aos artigos 1 a 5 do Decreto de convocatoria de eleccións, ao acordo da Xunta Electoral polo que se fan públicos os resultados electorais por circunscricións e a relación de deputadas e deputados electos, así como á comunicación de recursos contencioso-electorais interpostos, no caso de que os houber. (Páx. 6.)

O señor secretario (Castro García) le o Decreto 72/2020, do 18 de maio, de convocatoria de eleccións ao Parlamento de Galicia, o número de deputadas e deputados electos por cada circunscrición e mais a relación de deputadas e de deputados electos e informa de que non se presentaron recursos contencioso-electorais. (Páx. 6.)



Elección da Mesa do Parlamento

O señor presidente da Mesa de Idade (Rivas Cruz) anuncia que serán tres votacións as que se efectuarán para a elección dos membros da Mesa e que se farán mediante papeletas, tras o chamamento nominal das deputadas e dos deputados, e explica o procedemento que se vai seguir para a elección. (Páx. 8.)

Elección de presidenta ou presidente

O señor presidente da Mesa de Idade (Rivas Cruz) rógalle ao señor secretario (Castro García) que proceda a efectuar o chamamento das señoras e dos señores deputados para que depositen o seu voto na urna. (Páx. 9.)

O señor secretario da Mesa de Idade (Castro García) procede a efectuar o chamamento. (Páx. 9.)

Votación: don Miguel Ángel Santalices Vieira, 42 votos; en branco, 32 votos. (Páx. 9.)

En consecuencia, queda proclamado presidente, cos votos requiridos da maioría absoluta, don Miguel Ángel Santalices Vieira. (Páx. 9.)

Elección de vicepresidentas ou vicepresidentes

O señor presidente da Mesa de Idade (Rivas Cruz) rógalle ao señor secretario (Castro García) que proceda a efectuar o chamamento das señoras e dos señores deputados para que depositen o seu voto na urna. (Páx. 9.)

O señor secretario da Mesa de Idade (Castro García) procede a efectuar o chamamento. (Páx. 9.)

Votación: don Diego Calvo Pouso, 42 votos; dona Montserrat Prado Cores, 32 votos. (Páx. 9.)

En consecuencia, queda proclamado vicepresidente primeiro don Diego Calvo Pouso e vicepresidenta segunda, dona Montserrat Prado Cores. (Páx. 9.)

Elección de secretaria ou secretario e de vicesecretaria ou vicesecretario

O señor presidente da Mesa de Idade (Rivas Cruz) rógalle ao señor secretario (Castro García) que proceda a efectuar o chamamento das señoras e dos señores deputados para que depositen o seu voto na urna. (Páx. 10.)

O señor secretario da Mesa de Idade (Castro García) procede a efectuar o chamamento. (Páx. 10.)

Votación: dona Corina Porro Martínez, 42 votos; dona Marina Ortega Otero, 32 votos. (Páx. 10.)

En consecuencia, queda proclamada secretaria dona Corina Porro Martínez e vicesecretaria, dona Marina Ortega Otero. (Páx. 10.)



Constitución da Mesa do Parlamento

O señor presidente da Mesa de Idade (Rivas Cruz) anuncia que, como consecuencia dos resultados das distintas votacións, a composición da Mesa do Parlamento de Galicia é a seguinte: presidente, don Miguel Ángel Santalices Vieira; vicepresidente primeiro, don Diego Calvo Pouso; vicepresidenta segunda, dona Montserrat Prado Cores; secretaria, dona Corina Porro Martínez, e vicesecretaria, dona Marina Ortega Otero, e rógalles ás señoras e señores deputados elixidos que ocupen os seus postos na Presidencia. (Páx. 10.)

(Os membros da Mesa do Parlamento ocupan os seus postos na Presidencia.)

Promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia

En primeiro lugar, en cumprimento do artigo 5 do Regulamento do Parlamento, o señor presidente da Mesa, don Miguel Ángel Santalices Vieira, fai o xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. A seguir, os restantes membros da Mesa tamén fan o seu xuramento ou promesa. (Páx. .) E, por último, a señora secretaria (Porro Martínez) procede ao chamamento para que o fagan os demais deputados e deputadas. (Páx. 10.)

O señor presidente (Santalices Vieira) pronuncia unhas palabras de agradecemento, saúda os novos membros da Mesa, pide desculpas polas circunstancias en que se ten que desenvolver a sesión e declara constituída a XI lexislatura do Parlamento de Galicia. (Páx. 10.)

Antes de escoitar o himno galego, o señor presidente convida a todos os asistentes á sesión a gardar un minuto de silencio en memoria das vítimas da covid e de todas as persoas falecidas durante este tempo. (Páx. 11.)

As señoras deputadas e os señores deputados, así como os demais asistentes á sesión, postos en pé, cantan o himno galego. (Páx. 11.)

Remata a sesión ás doce e trinta e oito minutos do mediodía.



O señor LETRADO OFICIAL MAIOR (Sarmiento Méndez): Bo día.

Señorías, rógolles que ocupen os seus escanos.

Constitución da Mesa de Idade

O señor LETRADO OFICIAL MAIOR (Sarmiento Méndez): Verificadas as declaracións presentadas por cada un dos deputados e das deputadas proclamados electos, a composición da Mesa de Idade resulta ser: don Xosé Luís Rivas Cruz, don Daniel Castro García e don Paulo Ríos Santomé. Prégolles que comparezan na Presidencia co fin de constituír a Mesa de Idade.

(Os señores Rivas Cruz, Castro García e Ríos Santomé pasan a ocupar os seus postos na Presidencia.)

Ábrese a sesión ás once e nove minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Rivas Cruz): Ábrese a sesión.

Bos días, señorías.

Lémbrolles que teñen á súa disposición o xel hidroalcohólico para o seu uso.

Rógolle ao señor secretario, don Daniel Castro García, que dea lectura aos artigos 1 a 5 do Decreto de convocatoria de eleccións e á relación de deputados e deputadas electos, así como á comunicación sobre os recursos contencioso-electorais interpostos, se é que os houber.

O señor SECRETARIO DA MESA DE IDADE (Castro García): Decreto 72/2020, do 18 de maio, de convocatoria de eleccións ao Parlamento de Galicia (DOG número 96 do 19-05-2020):

<<Disposicións xerais

Presidencia da Xunta de Galicia. Decreto 72/2020, do 18 de maio, de convocatoria de eleccións ao Parlamento de Galicia.

DISPOÑO:

Artigo 1. Convócanse eleccións ao Parlamento de Galicia, que terán lugar o 12 de xullo de 2020.

Artigo 2. En aplicación do artigo 9 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, o número de deputados correspondente a cada circunscrición é o seguinte:

A Coruña: vinte e cinco.

Lugo: catorce.

Ourense: catorce.

Pontevedra: vinte e dous.



Artigo 3. A campaña electoral, por imperativo do disposto no artigo 51.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, durará quince días; comezará ás cero horas do venres día 26 de xuño, e finalizará ás vinte e catro horas do venres día 10 de xullo de 2020.

Artigo 4. Celebradas as eleccións convocadas por este decreto, a Cámara resultante reunirase para a súa sesión constitutiva o día 7 de agosto de 2020 ás once horas.

Artigo 5. As eleccións convocadas por este decreto rexeranse pola Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral; así como pola Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia; polo Decreto 13/2020, do 10 de febreiro, polo que se establecen as normas sobre os medios materiais que se utilizarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2020; polo Decreto 14/2020, do 10 de febreiro, polo que se fixan as gratificacións e indemnizacións que percibirán os membros da Administración electoral en Galicia e o persoal ao seu servizo, os/as xuíces/xuízas de primeira instancia ou de paz, representantes da Administración da comunidade autónoma nas mesas electorais, así como o persoal da Xunta de Galicia, co gallo das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2020; e pola demais normativa de desenvolvemento.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2020

Alberto Núñez Feijóo

Presidente»

Relación de deputadas e deputados electos. Acordo da Xunta Electoral de Galicia do 27 de xullo de 2020 (DOG número 151, do 29 de xullo de 2020):

«Provincia da Coruña (vinte e cinco).

Polo Partido Popular (PP): María Ángeles Vázquez Mejuto, Diego Calvo Pouso, Martín Fernández Prado, José Manuel Rey Varela, Ethel María Vázquez Mourelle, Miguel Ángel Tellado Filgueira, Pedro Puy Fraga, Fabiola García Martínez, Rosa María Quintana Carballo, Álvaro Pérez López, Borja Vereja Fraiz, Paula Prado del Río, Carmen María Pomar Tojo, Ovidio Rodeiro Tato.

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG): Ana Pontón Mondelo, Xosé Luís Rivas Cruz, Mercedes Queixas Zas, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López, Iria Carreira Pazos.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE): Pablo Arangüena Fernández, Noa Susana Díaz Varela, Martín Seco García, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

Provincia de Lugo (catorce).

Polo Partido Popular (PP): María Elena Candia López, Francisco José Conde López, Cristina Sanz Arias, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Sandra Vázquez Domínguez, María Encarnación Amigo Díaz, Daniel Vega Pérez.



Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG): Olalla Rodil Fernández, Daniel Castro García, María del Carmen Aira Díaz.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE): Patricia Otero Rodríguez, Luis Manuel Álvarez Martínez.

Provincia de Ourense (catorce).

Polo Partido Popular (PP): María Sol Díaz Mouteira, Miguel Ángel Santalices Vieira, José González Vázquez, Marta Nóvoa Iglesias, Antonio Rodríguez Miranda, Noelia Pérez López, Gabriel Alén Castro, José Antonio Armada Pérez.

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG): Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez Piñeiro, María González Albert.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE): Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Provincia de Pontevedra (vinte e dous).

Polo Partido Popular (PP): Alberto Núñez Feijóo, María Corina Porro Martínez, Alfonso Rueda Valenzuela, Jesús Vázquez Almuíña, María Guadalupe Murillo Solís, Román Rodríguez González, Valeriano Martínez García, José Manuel Cores Tourís, Marta María Fernández-Tapias Núñez, María Elena Suárez Sarmiento, José Alberto Pazos Couñago.

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG): Xosé Luís Bará Torres, María Monserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, María do Carme González Iglesias, Paulo Ríos Santomé.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE): Gonzalo Caballero Míguez, María Isaura Abelairas Rodríguez, Paloma Castro Rei, Julio Torrado Quintela, María Leticia Gallego Sanromán.»

Información sobre a presentación, se é o caso, de recursos contencioso-electorais.

Infórmase, ao abeiro da lexislación electoral vixente, que ata o día de hoxe non consta a presentación de recursos contencioso-electorais.

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Rivas Cruz): Señoras deputadas, señores deputados, imos proceder á elección da Mesa do Parlamento en votacións separadas para o presidente ou presidenta, os vicepresidentes ou as vicepresidentas e o secretario ou a secretaria e o vicesecretario ou a vicesecretaria.

Elección da Mesa do Parlamento

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Rivas Cruz): A elección efectuarase conforme o previsto no artigo 91 do Regulamento, é dicir, mediante papeletas, tras o chamamento nominal das deputadas e dos deputados pola secretaría da Mesa de Idade.



Os servizos da Cámara procederon con anterioridade á repartición das papeletas de diferente cor para cada cargo: a branca será para a presidencia, a verde será para as vicepresidencias e a amarela para a secretaría e vicesecretaría.

A expresión do voto efectuarase consignando no recadro correspondente de cada papeleta un só nome. Considerarase voto en branco aquela papeleta na que non conste ningún nome. Considerarase voto nulo toda papeleta que conteña máis dun nome, algún risco ou sinal.

Procedemos á elección de presidente ou presidenta.

Elección de presidenta ou presidente

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Rivas Cruz): Prégolle ao señor secretario que efectúe o chamamento correspondente para que os deputados e deputadas depositen na urna as papeletas de cor branca. Lémbrolles que se escribirá só un nome na papeleta e que resultará elixido ou elixida o deputado ou a deputada que obteña o voto da maioría absoluta dos membros da Cámara. Comeza, pois, a votación.

(O señor secretario da Mesa de Idade, Castro García, procede a efectuar o chamamento, por orde alfabética, das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna.)

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

Señorías, o resultado da votación é o seguinte: don Miguel Ángel Santalices Vieira, 42 votos; en branco, 32 votos.

Elección de vicepresidentas ou vicepresidentes

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Rivas Cruz): Procedemos á elección simultánea das vicepresidentas ou dos vicepresidentes, segundo dispón o artigo 36.2 do Regulamento.

Prégolle ao señor secretario que efectúe o chamamento correspondente para que as deputadas e os deputados depositen na urna as papeletas de cor verde. Lémbrolles que se escribirá só un nome na papeleta e que resultarán elixidos ou elixidas os deputados ou as deputadas que acaden maior número de votos.

Comeza a votación.

(O señor secretario da Mesa de Idade, Castro García, procede a efectuar o chamamento, por orde alfabética, das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna.)

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O resultado da votación é o seguinte: don Diego Calvo Pouso, 42; dona Monserrat Prado Cores, 32.



Quedan, polo tanto, elixidos, e proclámase vicepresidente primeiro a don Diego Calvo Pouso e vicepresidenta segunda a dona Monserrat Prado Cores.

Elección de secretaria ou secretario e de vicesecretaria ou vicesecretario

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Rivas Cruz): Procedemos á elección simultánea do secretario ou da secretaria e do vicesecretario ou vicesecretaria.

Prégolle ao señor secretario que efectúe o chamamento correspondente para que as deputadas e os deputados depositen na urna as papeletas de cor amarela. Lémbrolles que se escribirá só un nome na papeleta e que resultarán elixidos ou elixidas os dous deputados ou deputadas que acaden maior número de votos.

Comeza a votación.

(O señor secretario da Mesa e Idade, Castro García, procede a efectuar o chamamento, por orde alfabética, das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna.)

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O resultado da votación é o seguinte: dona María Corina Porro Martínez, 42 votos; e dona Marina Ortega Otero, 32 votos.

Constitución da Mesa do Parlamento

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Rivas Cruz): Por tanto, a composición da Mesa do Parlamento, como consecuencia destas eleccións, queda da seguinte maneira: presidente, don Miguel Ángel Santalices Vieira; vicepresidente primeiro, don Diego Calvo Pouso; vicepresidenta segunda, dona Monserrat Prado Cores; secretaria, dona María Corina Porro Martínez; e vicesecretaria, dona Marina Ortega Otero.

Prego aos señores e señoras deputados elixidos e elixidas que tomen posesión dos seus cargos.

(Os membros da Mesa do Parlamento ocupan os seus postos na Presidencia.) (Aplausos.)

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Corresponde, en primeiro lugar, que xure ou prometa o presidente, e vouno facer a continuación, se os membros da Mesa se poñen de pé, por favor.

Señoras deputadas e señores deputados, ante o pobo de Galicia representado aquí polo seu Parlamento, prometo... —perdón—, xuro acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia.



Moitas grazas.

E agora vou tomar xuramento aos membros da Mesa.

Don Diego Calvo Pouso, vicepresidente primeiro, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO (Calvo Pouso): Si, juro.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas.

Señora vicepresidenta segunda, dona Monserrat Prado Cores, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA (Prado Cores): Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os dereitos sociais e nacionais dos galegos e das galegas e a súa liberdade. E, por imperativo legal, prometo.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas pola súa promesa.

Señora secretaria, dona María Corina Porro Martínez, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora SECRETARIA (Porro Martínez): Si, xuro.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas.

Señora vicesecretaria, dona Marina Ortega Otero, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora VICESECRETARIA (Ortega Otero): Si, prometo.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas.

De seguido, a secretaria, constituídos xa todos como Mesa do Parlamento, procederá ao chamamento das señoras e señores deputados para que, dende o propio escano, contesten a pregunta que se lles formula para todos dende esta Presidencia, que é: ¿señoras deputadas ou señores deputados, xuran ou prometen acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

Señora secretaria, cando queira.

A señora SECRETARIA (Porro Martínez): Ben.

Abelairas Rodríguez, María Isaura: Si, prometo.



Aira Díaz, María del Carmen: Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os dereitos nacionais e sociais dos galegos e das galegas e a súa liberdade. Por imperativo legal, si, prometo.

Alén Castro, Gabriel: Si, xuro.

Álvarez Martínez, Luis Manuel: Si, prometo.

Amigo Díaz, María Encarnación: Si, prometo.

Arangüena Fernández, Pablo: Si, prometo.

Arias Rodríguez, Raquel: Si, xuro.

Armada Pérez, José Antonio: Si, xuro.

Balseiro Orol, José Manuel: Si, prometo.

Bará Torres, Xosé Luís: Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os dereitos nacionais e sociais das galegas e galegos e a súa liberdade. Por imperativo legal, prometo.

Caballero Míguez, Gonzalo: Si, prometo.

Candia López, María Elena: Si, xuro.

Carballo Páez, Ramón: Si, prometo.

Carreira Pazos, Iria: Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os dereitos nacionais e sociais das galegas e a súa liberdade. E, por imperativo legal, prometo.

Castro García, Daniel: Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os dereitos nacionais e sociais das galegas e galegos e a súa liberdade. Por imperativo legal, si, prometo.

Castro Rey, Paloma: Si, prometo.

Conde López, Francisco José: Si, xuro.

Cores Tourís, José Manuel: Si, prometo.

Díaz Mouteira, María Sol: Si, xuro.

Díaz Varela, Noa Susana: Si, prometo.

Fernández Alfonso, Ramón: Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os intereses nacionais e sociais das galegas e galegos e a súa liberdade. Por imperativo legal, si, prometo.



Fernández Gómez, Alexandra: Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os dereitos nacionais e sociais das galegas e galegos e a súa liberdade. Por imperativo legal, si, prometo.

Fernández Prado, Martín: Si, prometo.

Fernández-Tapias Núñez, Marta María: Si, xuro.

Francisco Rivera, Juan Carlos: Si, prometo.

Gallego Sanromán, María Leticia: Si, prometo.

García Martínez, Fabiola: Si, xuro.

González Albert, María: (*Ausente.*)

González Iglesias, María do Carme: Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os dereitos nacionais e sociais das galegas e galegos e a súa liberdade. Por imperativo legal, si, prometo.

González Vázquez, José: Si, xuro.

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio: Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os dereitos nacionais e sociais das galegas e galegos e a súa liberdade. Por imperativo legal, si, prometo.

Martínez García, Valeriano: Si, prometo.

Murillo Solís, María Guadalupe: Si, xuro.

Nóvoa Iglesias, Marta: Si, xuro.

Núñez Feijóo, Alberto: Si, prometo.

Otero Rodríguez, Patricia: Si, prometo.

Pazos Couñago, José Alberto: Si, xuro.

Pérez Fernández, Rosana: Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os dereitos nacionais e sociais das galegas e dos galegos e a súa liberdade. Por imperativo legal, prometo.

Pérez López, Álvaro: Si, xuro.

Pérez López, Daniel: Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os dereitos nacionais e sociais das galegas e dos galegos. Por imperativo legal, si, prometo.

Pérez López, Noelia: Si, xuro.

Pomar Tojo, Carmen María: Si, xuro.



Pontón Mondelo, Ana: Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os dereitos nacionais e sociais dos galegos e galegas e a súa liberdade. E, por imperativo legal, si, prometo.

Prado del Río, Paula: Si, xuro.

Presas Bergantiños, Noa: Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os dereitos nacionais e sociais dos galegos e galegas e a súa liberdade. E, por imperativo legal, si, prometo.

Puy Fraga, Pedro: Si, prometo.

Queixas Zas, Mercedes: Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os dereitos nacionais e sociais das galegas e dos galegos e a súa liberdade. E, por imperativo legal, si, prometo.

Quintana Carballo, Rosa María: Si, xuro.

Rey Varela, José Manuel: Si, xuro.

Ríos Santomé, Paulo: Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os dereitos nacionais e sociais das galegas e a súa liberdade. Por imperativo legal, si, prometo.

Rivas Cruz, Xosé Luís: Comprométome a ser fiel a Galicia e a defender os dereitos nacionais e sociais dos galegos e das galegas, así como a súa liberdade. Por imperativo legal, si, prometo.

Rodeiro Tato, Ovidio: Si, xuro.

Rodil Fernández, Olalla: Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os dereitos nacionais e sociais das galegas e dos galegos e a súa liberdade. Por imperativo legal, si, prometo.

Rodríguez Dacosta, María del Carmen: Si, prometo.

Rodríguez González, Román: Si, xuro.

Rodríguez Miranda, Antonio: Si, xuro.

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña: Si, prometo.

Rueda Valenzuela, Alfonso: Si, prometo.

Sanz Arias, Cristina: Si, prometo.

Seco García, Martín: Si, prometo.

Suárez Sarmiento, María Elena: Si, prometo.



Tabarés Pérez Piñeiro, Iago: Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os dereitos nacionais e sociais dos galegos e das galegas e a súa liberdade. Por imperativo legal, prometo.

Tellado Filgueira, Miguel Ángel: Si, xuro.

Torrado Quintela, Julio: Si, prometo.

Vázquez Almuíña, Jesús: Si, xuro.

Vázquez Domínguez, Sandra: Si, prometo.

Vázquez Mejuto, María Ángeles: Si, xuro.

Vázquez Mourelle, Ethel María: Si, xuro.

Vega Pérez, Daniel: Si, xuro.

Verea Fraiz, Borja: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas.

Pódense sentar os membros da Mesa. Grazas.

Aquí pon o guión: «discurso do novo presidente». Farei un discurso estilo «ourensanía», vanmo permitir. Será un discurso breve. Xa saben que nos discursos eu sigo as recomendacións que me deron dende hai moitos anos: se tes que falar en público, ponte de pé para que te vexan, fala alto para que te escoiten e fala pouco para que che aplaudan.

Entón, o primeiro que quero facer é saudar os novos membros, as persoas que me van acompañar na Mesa. Debemos de ser institucionais; penso que imos seguir esa liña que tivemos sempre neste Parlamento. Tamén quero saudar a todos os deputados e deputadas que hoxe acaban de tomar posesión neste Parlamento e tamén a todos os invitados, que non os podemos ver, pero que sabemos que están aquí.

Estoulle moi agradecido ao meu grupo por propoñerme unha vez máis para ser presidente do Parlamento. Espero poder cumprir. Desde logo, ese é o sentimento que teño neste momento, e reitero as grazas polo seu apoio.

Tamén ao conxunto da Cámara lle agradezo a súa cordial actitude neste momento que se acaba de elixir a Mesa e, por ende, o presidente.

Quero tamén pedir desculpas por este escenario; asumín toda a responsabilidade, pero sei que o tiña que facer así. Non é o día máis agradable para que teñamos o pleno así. Gustaríame ter isto cheo de invitados, pero hei de ser responsable —algo bo ten ser médico—. E fíxeno tamén por dúas cousas: primeiro, por prudencia, e, segundo, porque tamén quero trasladar unha mensaxe á cidadanía do cumprimento das normativas e dos consellos sanitarios. Só así poderemos saír ben disto.



Pido a súa colaboración, a colaboración de todos os deputados e deputadas. Vostedes son elixidos por eles. As súas frases, os seus comentarios han de ter unha incidencia positiva niso. Pido a súa colaboración para iso: medidas de seguridade sempre, coa máxima prudencia. Iso é o que hoxe pido. E por iso pido desculpas, porque non teñamos este hemiciclo como se merecía.

É a miña sétima lexislatura xa, coñezo esta casa mellor ca ninguén. Xa dixen na miña anterior toma de posesión que poucas persoas pode haber que lle queiran tanto ao Parlamento. Eu quéroo moito. Coñezo os seus traballadores, sei o que fan e, dende logo, sei que a súa única función é estar aí para que nós fagamos ben o noso traballo parlamentario. Polo tanto, hoxe tamén quero ter un recordo para eles e agradecérllelo.

Sei tamén o orgullo que é ser deputado, e vostedes, sobre todo os que se incorporan hoxe, vano sentir; e tamén lles digo por experiencia propia —e é unha idea que lles transmito— que calan os discursos que teñen contido e os que teñen unha argumentación sólida e que non cala a estridencia —acábase de ver, acabámolo de comprobar non hai moito tempo—. Polo tanto, eu pídolles que nese sentido vaíamos todos, desde as discrepancias lóxicas que pode haber, pero sempre mantendo, por suposto, a dignidade da Cámara.

Esta ha de ser a lexislatura das persoas, estou convencido; estano pasando mal e aquí estamos nós para tratar de axudar, para tratar de facer cousas en que poidamos axudalos. E eu —e con isto xa remato— só pido unha cousa: poder estar á altura da confianza que se depositou en min. E tamén pido por vostedes, por todos os deputados e deputadas, para que poidan estar á altura da confianza que os electores depositaron en todos vostedes. Ese é o desexo que hoxe pido.

Nada máis e moitas grazas por escoitarme nesta toma de posesión. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Polo tanto, en cumprimento do artigo 5 do Regulamento, declaro constituído o Parlamento de Galicia na súa XI lexislatura.

Unha vez máis, antes de que escoitemos o himno, convídoos a todos vostedes, que adquiriron xa a condición plena de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia, e antes de levantar esta sesión, a gardar un minuto de silencio en memoria das vítimas da covid-19 e de todas as persoas falecidas por diferentes causas durante este tempo sen poder ser despedidas polos seus seres queridos; minuto de silencio tamén como mostra de afecto, solidariedade e cercanía coas familias afectadas, con todas as persoas enfermas e, por suposto, de agradecemento a todos os profesionais sanitarios e aos restantes servizos esenciais para a sociedade.

(As señoras deputadas e os señores deputados e demais asistentes a esta sesión, postos en pé, gardan un minuto de silencio.)

E agora si, escoitamos o himno.

Moitas grazas.




(As señoras deputadas e os señores deputados e demais asistentes á sesión, postos en pé, cantan o himno galego.) (Aplausos.)

Moitas grazas. Quedou constituído o Parlamento. Grazas a todos. *(Aplausos.)*

Remata a sesión ás doce e trinta e oito minutos do mediodía.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

